



## **Indicacións xerais de uso de mascarillas cirúrxicas e equipos de protección respiratoria nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde na situación actual de alerta polo SARS-Cov-2. 11 de abril de 2020**

Nas circunstancias actuais, cunha certa transmisión comunitaria sostida de nivel descoñecido aínda que non semella moi elevada na nosa comunidade, e coa constatación de que pacientes presintomáticos poden ser transmisores un ou dous días antes do inicio dos síntomas, parece prudente aconsellar o uso das mascariñas cirúrxicas nos traballadores dos centros sanitarios cando se atopen en espazos de traballo nos que resulte imposible manter as medidas de distanciamento físico aconselladas (dous metros) durante o tempo que sexa necesario estar nese espazo.

Non así cando estén noutros espazos comúnes nos que o distanciamento pode implementarse sen problemas.

Debe entenderse que o sentido básico desta medida é de protección aos outros traballadores, non de propia protección. É un acto solidario cos outros para limitar a posibilidade de transmitirles o virus no caso de estar infectado sen ter manifestado síntomas todavía.

Por elo, hai que insistir que esta medida non elimina a necesidade de manter toda a distancia posible entre persoas, ademais da hixiene de mans e limpeza a fondo.

O uso das máscaras debe facerse de maneira correcta, para evitar que un mal uso aumente o risco de transmisión en vez de minimizalo.



Táboa 1: Mascarilla ou equipo de protección respiratoria recomendado segundo a situación

| Tipo de procedemento                                                            | SITUACIÓNS                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                                               |
|---------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                 | Pacientes <b>sen sintomatoloxía de Infección Respiratoria Aguda</b>                                                              | Nas <b>enfermidades de transmisión por gotículas:</b> gripe, tose ferina, enfermidade meningocócica invasora..., e tamén nas Infeccións Respiratorias Agudas (IRA) de orixe descoñecido | Nas <b>enfermidades de transmisión aérea confirmada ou sospeitada</b> (tuberculose, varicela, xarampón,...) e determinadas alertas epidemiolóxicas emerxentes |
| Situacións nas que non se realizan procedementos xeradores de aerosois          | Usar mascarilla cirúrxica só cando hai risco de salpicaduras                                                                     | Usar mascarilla cirúrxica a < 2 metros do paciente                                                                                                                                      | Protección respiratoria FFP2 <sup>1</sup>                                                                                                                     |
| Situacións nas que se realizan procedementos xeradores de aerosois <sup>2</sup> | Usar mascarilla cirúrxica para protexerse de potenciais salpicaduras que se produzan ao manipular a vía respiratoria do paciente | Usar equipo de protección respiratoria FFP2 <sup>3</sup>                                                                                                                                | <b>Usar equipo de protección respiratoria FFP3<sup>3</sup> en función da dispoñibilidade (si no dispoñibilidade se usará FFP2)</b>                            |

<sup>1</sup>No caso de COVID- 19 especificamente usarase mascarilla cirúrxica ou equipo de protección respiratoria FFP2/FFP3 segundo o tipo de exposición (táboas 2 e 3)

<sup>2</sup>Intubación Endotraqueal, ventilación manual previa á intubación da ventilación non invasiva, traqueotomía, ventilación manual post- intubación, broncoscopia, tratamento nebulizador, manipulación da máscara na ventilación non invasiva BiPAP, desfibrilación, compresión torácica, inserción de tubo nasogástrico, toma de mostras de esputo, ventilación oscilatoria de alta frecuencia, osíxeno a alto fluxo, aspiración endotraqueal, succión de fluídos corporais, administración de osíxeno, fisioterapia torácica, e ventilación mecánica.

<sup>3</sup> As intervencións cirúrxicas a paciente sometidos a Precaucións de Illamento de Gotículas ou Aéreo, e os casos de COVID-19, o persoal cirúrxico que estea dentro do quirófano é conveniente que use equipos de Protección Respiratoria (FFP). Nesta circunstancia, deberán usar equipos bidireccionais que, ademais de protexelos a eles, tamén protexen ao campo cirúrxico dos xermes exhalados polo persoal cirúrxico.

**Táboa 2: EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA A PROTECCIÓN DOS TRABALLADORES con PACIENTES con CORO-NAVIRUS SARS-COV-2 CONFIRMADO OU POSIBLE**

| TIPO DE EXPOSICIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | OBSERVACIÓNS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Acompañamento a pacientes ambulatorios                                                                                                                                                                                                                                                                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mascarilla cirúrxica</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O paciente tamén debe levar mascarilla cirúrxica</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| Traslado de paciente en cama, padiola ou silla de rodas (se exclúe mobilización de pacientes)                                                                                                                                                                                                                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mascarilla cirúrxica</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O paciente tamén debe levar mascarilla cirúrxica</li> <li>• Se cubrirá a silla ou cama cunha sábana limpa</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                     |
| <p>Atención ao paciente, ou persoas que entren en la habitación/box durante máis de 15 minutos a menos de 2 metros do paciente.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoal sanitario</li> <li>• Celador de mobilización de paciente</li> <li>• Limpadora</li> <li>• Familiar que acompaña ao paciente</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Bata. Será resistentes a líquidos/impermeable de manga longa cando se vaian realizar técnicas ou manobras nas que exista risco de salpicaduras de sangue ou outros fluídos corporais, ou contacto con secrecións ou excrecións.</li> <li>• Mascarilla cirúrxica ou FFP2<sup>1,2</sup> segundo o tipo de procedemento a realizar, e sempre asegurando a existencia de stock suficiente para as situacións nas que o seu uso estea indicado de forma máis priorizada, como son os procedementos xeradores de aerosóis</li> <li>• Protección ocular antisalpicaduras ou protector facial completo</li> <li>• Luvas</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Se o paciente e a actuación o permite, este debe ter posta mascarilla cirúrxica.</li> <li>• Intentarase priorizar o uso de mascarillas tipo respirador FFP2/FFP3<sup>1,2</sup> en todas as atencións clínicas en SITUACIONES/ÁREAS DE MAIOR INTENSIDAD DE EXPOSICIÓN: UNIDADES DE CRÍTICOS, URXENCIAS, PLANTAS /UNIDADES COVID, BRONCOSCOPIAS</li> </ul> |
| Procedementos sobre pacientes que xeneren aerosóis, como intubación, extubación, traqueal, lavado bronco-alveolar ou ventilación manual etc                                                                                                                                                                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Bata de manga larga (se a bata non é impermeable e se prevé que se produzan salpicaduras de sangue ou outros fluídos corporais, engadir un delantal de plástico)</li> <li>• Equipo de Protección Respiratoria FFP2 ou FFP3<sup>1,2</sup>, esta última se hai dispoñibilidade</li> <li>• Protección ocular axustada de montura integral ou protector facial completo</li> <li>• Luvas</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Deberase reducir ao mínimo o número de persoas na habitación</li> <li>• Os procedementos que xeneren aerosóis se deben realizar unicamente si se consideran estritamente necesarios para o manexo clínico do caso</li> </ul>                                                                                                                             |

<sup>1</sup> Tamén pode utilizarse media máscara provista con filtro para partículas P2 ou P3 segundo corresponda.

<sup>2</sup> Conforme ao establecido na Resolución de 20 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, sobre especificacións alternativas ás mascarillas EPI con marcado CE europeo, admítense as mascarillas N95/N99 (NIOSH. USA) e as mascarillas KN95 (China)



**Táboa 3: EQUIPOS DE PROTECCIÓN PARA PERSOAL QUE ATENDE A PACIENTES DE PATOLoxÍA DESCONOCIDA (ENTRADA AO HOSPITAL OU CENTRO DE SAÚDE)**

| TIPO DE EXPOSICIÓN                                                                                                                                                               | EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL | OBSERVACIÓNS                                                                                 |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Persoal administrativo</b> (No caso de non existir medidas de protección colectiva – pantallas-, ou de manter unha distancia menor de 2 metros ao paciente, usar o seguinte). | Mascarilla cirúrxica            | No caso de que o paciente teña síntomas respiratorios se proporcionará mascarilla cirúrxica. |
| <b>Persoal do triaxe</b> (No caso de manter unha distancia menor de 2 metros ao paciente, usar o seguinte).                                                                      | Mascarilla cirúrxica            | No caso de que o paciente teña síntomas respiratorios se proporcionará mascarilla cirúrxica  |